

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 2 de novembro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se resolve provisionalmente a fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste servizo da categoría de celador.

O punto 1 da base décimo quinta da Orde do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde dispón que rematada a baremación dos méritos achegados polos participantes, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* unha resolución pola que se aproba a relación provisional das puntuacións obtidas por aqueles así como os destinos provisionais adxudicados.

Polo tanto, esta División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter provisional, as puntuacións así como os destinos provisionais adxudicados obtidos polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola orde da Consellería de Sanidade do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), da categoría de celador.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Os apirantes disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a listaxe provisional.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos
Humanos e Desenvolvemento Profesional

Resolución do 3 de novembro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai pública a resolución definitiva da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste servizo da categoría de ATS/DUE.

A base décimo quinta e seguintes das diversas ordes do 20 de maio de 2002 (DOG nº 106, do

3 xuño) e do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que, publicadas as listaxes provisionais, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, se é o caso, as correccións oportunas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución definitiva da asignación de destinos por centros de xestión.

Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución.

Ademais, as prazas non adxudicadas ou que resulten vacantes como consecuencia da fase de provisión cubriranse de forma centralizada en función da puntuación obtida.

Polo tanto, procede agora darlle publicidade no DOG polo que,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter definitivo, as puntuacións e os destinos obtidos polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas diversas ordes do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 xuño) e do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), da categoría de ATS/DUE.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos
Humanos e Desenvolvemento Profesional

Resolución do 4 de novembro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se anuncia a resolución provisional do segundo procedemento de provisión da categoría de odontólogo de atención primaria do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste servizo.

A base décimo sétima da Orde do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, establece a posibilidade de realizar un segundo proceso de entrevistas para asignación de destinos na fase de provisión e mesmo un terceiro chamamento para elixir destinos sobrantes.

Polo tanto, realizado polo tribunal da categoría de odontólogo de atención primaria o segundo procedemento da fase de provisión, esta División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter provisional, as puntuacións obtidas polos aspirantes que participaron no segundo proceso na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola Orde do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), da categoría de odontólogo de atención primaria.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Os apirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a listaxe provisional.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos
Humanos e Desenvolvemento Profesional

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

Resolución do 26 de outubro de 2005 pola que se aproba e fai pública a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para cubrir prazas de auxiliar técnico informático desta universidade, pola quenda de promoción interna e pola quenda de acceso libre.

Por Resolución do 19 de maio de 2005 (DOG do 9 de xuño), convocáronse probas selectivas para

cubrir 23 prazas de auxiliar técnico informático da USC, 11 para promoción interna e 12 para acceso libre. No DOG do 13 de xuño de 2005 publicase resolución reitoral pola que se corríxen erros advertidos na Resolución do 19 de maio. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor

RESOLVE:

Primeiro.-Declarar que non hai aspirantes pola quenda de promoción interna.

Segundo.-Declarar aprobada e facer pública a lista provisional de admitidos e excluídos pola quenda de acceso libre ás citadas probas.

Terceiro.-Indicar que a lista de aspirantes admitidos e excluídos está exposta nos taboleiros de anuncios da reitoría, da Casa da Balconada, do edificio de servizos administrativos e Biblioteca Intercentros e na web: <http://www.ti.usc.es/webpas/>

Cuarto.-Os aspirantes excluídos ou que non figuren na relación de admitidos dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión ou a omisión.

Quinto.-Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2005.

P.D. (24-10-2005)

Cástor Méndez Paz

Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO UN DA CORUÑA**

Edicto (479/2005-A).

Eu, María Concepción Patiño Junquera, secretaria do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que nos autos número 479/2005-A, seguidos por instancia de José Antonio Fernández Pose contra empresa *Innovagas Galicia, S.L.* e Fogasa sobre reclamación de cantidades a maxistrada xuíza deste xulgado, Isabel Olmos Parés, ditou sentenza, na data 17 de outubro de 2004, coa seguinte parte positiva:

«Decido que, estimando a demanda interposta por José Antonio Fernández Pose, debo declarar e declarar o dereito do demandante a percibir a cantidade de 1.564,13 euros polos conceptos que se expresan